

MANIFESTO CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MEMORIA TRANS

O 20 de novembro conmemórase o Día Internacional da Memoria Trans, unha data que rende homenaxe a tódalas persoas trans, non binarias e disidentes de xénero que foron vítimas de asasinato ou suicidio no último ano. Dende 1999, a comunidade trans adica este día a lembrar e nomear aquelas persoas que morreron a causa da transfobia en todas as súas formas. Tamén convida á sociedade a reflexionar sobre a discriminación histórica que sufriron as persoas trans, non binarias e disidentes de xénero e que seguen a enfrontar día a día.

O Monitor de Asasinatos Trans (TMM) de Transgender Europe rexistrou máis de 5000 persoas trans asasinadas ou mortas por suicidio dende 2009. Porén, Transgender Europe advirte que estas cifras non son totais, xa que dependen dos datos dispoñibles de cada país. No último ano, o TMM rexistrou 281 persoas trans e disidentes de xénero asasinadas, das cales o 90% foron mulleres e persoas transfemininas e o 88% persoas negras e racializadas. Ademais, máis da metade das vítimas tiñan menos de 30 anos.

Desemprego, precariedade, perda do fogar... estes son algúns dos problemas que, se ben afectan a toda a sociedade, agrávanse entre a poboación trans e non binaria. Ademais, a desprotección legal e as dificultades para recibir unha atención sociosanitaria adecuada fan que este sexa un colectivo especialmente vulnerable á cronificación da pobreza e dos problemas de saúde física e mental. O 20 de novembro serve para celebrar a vida das persoas trans que xa non nos acompañan e para denunciar as inxustizas que provocaron os seus asasinatos.

Sen dereitos, non hai dignidade. Sen memoria, non hai resistencia.

Convidamos a toda a comunidade universitaria a formar parte deste día e apoiar, hoxe e sempre, a loita polos plenos dereitos das persoas trans, non binarias e disidentes de xénero. É traballo de todes construímos unha sociedade máis igualitaria e respectuosa, na que ninguén sexa vítima de violencia por ser quen é.

